

Diploma Dual[®]



ACADEMICA

INTERNATIONAL
STUDIES



*Preparando estudiantes
para os novos retos*

O **Diploma Dual**[®] é o programa oficial de validación internacional de títulos de bacharelato creado e desenvolvido por **Academica Corporation**, que lles permite aos alumnos obter dúas titulacións simultáneas: a propia do seu país (o Bacharelato en España, o Baccalauréat en Francia, a Escola Secundaria Superior en Italia...) e o American High School Diploma.



ACADEMICA
INTERNATIONAL
STUDIES



Academica, unha institución de recoñecido prestixio



ACADEMICA
INTERNATIONAL
STUDIES

Con máis de 100.000 alumnos, 5.000 profesores e 200 colexios en máis de 10 estados como Florida, Texas, Utah, Xeorxia, Nevada, California... Academica Corporation é **a principal e maior institución estadounidense de xestión educativa**, con sede en Miami (Florida), de Charter Schools (colexios públicos de xestión 100% privada de alto rendemento educativo).

Os colexios de Academica Corporation abranguen até K16, o que significa que os seus alumnos chegan a graduarse do High School até cos dous primeiros anos de Universidade realizados.

Como líder en educación virtual, Academica Corporation é una das poucas institucións privadas de servizos educativos de Estados Unidos con entidades co recoñecemento de **American Virtual Public School Provider** (provedor público de ensino en liña), dando servizo aos seus propios colexios, e a todas aquelas escolas públicas ou privadas estadounidenses que o soliciten.

Grazas a iso, Academica Corporation crea continuamente novos contidos e programas estimulantes para inspirar aos alumnos nas diferentes materias.

En Academica Corporation, a aprendizaxe en liña enténdese como a aproximación do colexio ao ensino universitario.




*Academica,
líder en educación
virtual*



ACADEMICA
INTERNATIONAL
STUDIES






Orixe do Diploma Dual®

Coa filosofía de acompañar aos estudantes no seu desenvolvemento e preparación dentro, pero tamén fora dos Estados Unidos, Academica Corporation inicia en 2001 un **programa oficial de convalidación de títulos con diferentes países** que da orixe ao Diploma Dual®.

Hoxe, o Diploma Dual® está presente en España, Portugal, Francia, Italia, Arxentina, Colombia, Ecuador, Perú, Venezuela, México, Chile, Corea e a China, entre outros, países.





Diploma Dual[®] en España



ACADEMICA
INTERNATIONAL
STUDIES

En 2009, Academica Corporation escolle España como base para a súa internacionalización coa creación de Academica Spain, unha estrutura con persoal especializado propio.

En España, onde xa hai máis de 1000 colexios adheridos ao programa, o Diploma Dual[®] desenvolvémolo **únicamente a través da marca Academica.**

“Diploma Dual[®], a meta é o camiño”

Creado e desenvolvido por Academica Corporation, o Diploma Dual[®] é un programa interdisciplinario que prepara os estudantes para adquirir os mellores niveis de competencia consonte a tres obxectivos:

- 1 Inmersión lingüística
- 2 Inmersión tecnolóxica
- 3 Inmersión persoal



1 Inmersión lingüística

O programa desenvólvese 100% en inglés, pero vai moito máis alá da propia aprendizaxe do idioma. Os alumnos **pensan e traballan en inglés**, participan en clases maxistras e pódense comunicar a diario con profesores nativos, participan en *Live Sessions* con outros compañeiros e, en definitiva, deféndense autonomamente en inglés, aumentando a súa confianza e destreza.



I like the idea of “leaving” my small school in my small town and being part of something much bigger, and that expands the value of my studies.

4th Year of ESO



2 Inmersión tecnolóxica

A inmersión tecnolóxica dá como resultado o dominio no manexo das tecnoloxías máis avanzadas de **aprendizaxe dixital**. O alumno ten un papel activo, marca o seu ritmo de aprendizaxe e é responsable da construción dos seus coñecementos, protagonista do seu propio proceso formativo.

A educación virtual desenvolve a capacidade de pensamento crítico, destrezas de investigación e análise de información. O alumno realiza o seu proceso de aprendizaxe de forma máis activa pois non só recibe a instrución do profesor, senón que aprende a través da procura de información, a autorreflexión e as diversas actividades que realiza de maneira individual e en colaboración con outras persoas.




3 Inmersión persoal

O alumno adquire **responsabilidade e madurez** no traballo, con alto nivel de autonomía, aprendizaxe da xestión do tempo, capacidade de adaptación e flexibilidade para traballar en ambientes diferentes e multiculturais. Estes valores adquiridos e aplicados son a garantía para a obtención e superación dos pequenos logros e metas iniciais que os alumnos irán atopando e que, posteriormente, han de medrar na súa etapa universitaria.

Creo que o mellor do noso traballo, aínda que invisible a maioría das veces, é que axudamos os alumnos a decatarse do seu increíble potencial.

Director of Global Student Services





WANTED

Students who want to be challenged



**AMERICAN
#HIGH
SCHOOL
DIPLOMA**

Language immersion

Self management mastery
and Leadership skills

Window to the world



WANTED

Students who want to be challenged



**AMERICAN
#HIGH
SCHOOL
DIPLOMA**

Language immersion

Self management mastery
and Leadership skills

Window to the world



WANTED

Students who want to be challenged



**AMERICAN
#HIGH
SCHOOL
DIPLOMA**

Language immersion

Self management mastery
and Leadership skills

Window to the world

Unha das vantaxes do Diploma Dual[®], xunto á notable mellora do nivel de inglés, é a autonomía que lles proporciona aos alumnos e a facilidade que adquiren no manexo das novas tecnoloxías, albiscando o que será a súa formación universitaria.



*Unha titulación
recoñecida
internacionalmente*

O Diploma Dual® é posible porque o sistema educativo estadounidense avalía os alumnos por **coñecementos e capacidades**. Baixo este concepto, para obter o American High School Diploma, o alumno do Diploma Dual non ten que estudar unha mesma materia (Matemáticas, Física, Literatura...) dúas veces, en inglés e español, senón só as materias específicas do país (Lingua, Historia, Cultura...), validándose o resto.



Cando finalizan os seus estudos, os alumnos do Diploma Dual® acadan exactamente **a mesma titulación que os estudantes estadounidenses:** o American High School Diploma.



ACADEMICA
INTERNATIONAL
STUDIES





ACADEMICA
INTERNATIONAL
STUDIES

Os servizos educativos de Academica e as súas institucións están **acreditados mediante as normativas máis esixentes do país:** o Estado de Florida e o seu Departamento de Educación, o US Department of Education, a National Blue Ribbon Schools, a AdvancED e a Association of Colleges and Schools (SACS).

Máxima validación de materias

Os alumnos do Diploma
Dual só teñen que cursar seis
materias para obter a titulación
estadounidense.



Os convenios internacionais asinados por Academica, unidos á excelencia educativa do programa —recoñecido polas principais institucións educativas dos EE.UU.— permiten a máxima convalidación posible: **o 75% dos 24 créditos** necesarios para obter o American High School Diploma. Das 6 materias que o alumno ten que cursar, 4 pertencen ao programa de estudos obrigatorio e 2 ao electivo. As 18 materias restantes serán validadas cos resultados académicos españois.

Materias obrigatorias

English: 2 créditos*

U.S History: 1 crédito

U.S Government+Economics: 1 crédito

* O alumno terá que superar obrigatoriamente dous niveis de inglés, independentemente do seu nivel inicial: English I-II, English II-III, English III-IV.

Materias electivas

Life Management Skills: 1 crédito*

College Preparation (SAT-ACT): 1 crédito

Criminology: 1 crédito

Psychology: 1 crédito

Digital Photography: 1 crédito

Concepts of Engineering

& Technology: 1 crédito

English: 1 crédito

* Materia electiva obligatoria.



Entre as materias electivas, atópanse materias como Fotografía Dixital, Criminoloxía, ou SAT (preparatoria para o exame de acceso á universidade nos EE.UU.). Son **materias de gran interese** que non están no currículo europeo e ofrecen un estímulo á motivación do estudante e lle permiten enriquecer o seu vocabulario en materias que non traballarían en inglés.

Ademais, os estudantes do Diploma Dual® poden participar activamente na vida estudantil estadounidense, uníndose aos clubs de estudantes, onde atoparán outros compañeiros coas súas mesmas inquiredanzas: xornalismo, fotografía, artes...






Salamanca

“I love digital photography. Now I am learning useful things that make me feel happy”

1st Year of Bachillerato



Barcelona

“I choose Criminology because I like TV crime series. Maybe one day I’ll write one ;)”

1st Year of Bachillerato



Córdoba

“If life is a great trip, you better study Tourism”

4th Year of ESO





Programa de estudos

O Diploma Dual® pódese iniciar en 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO ou 1º Bacharelato. Comezar canto antes permite unha distribución máis folgada das asignaturas e unha menor carga lectiva durante o Bacharelato. Á vez, favorece que o alumno desenvolva canto antes a súa responsabilidade e madurez no traballo.

Os alumnos que comezaron o Diploma Dual® en 4º ESO ou 1º Bacharelato terán a posibilidade de acceder ao Summer School antes do seu último ano de programa, co obxectivo de alixeirar a súa carga de estudos.





Programa de estudos



Summer School

O valor do compromiso

Academica International Studies propondrá exclusivamente a aqueles alumnos que ao chegar a 2º Bacharelato teñan que facer dous ou tres créditos, adiantar durante o verán de 1º a 2º Bacharelato a materia electiva do último curso.

Estes alumnos terán que ter superadas tódalas materias até 1º de Bacharelato no seu colexio e ter obtido unhas calificacións de A e/ou B nas materias estadounidenses cursadas ata esa data.

Destacar que esta posibilidade naceu a iniciativa dos propios alumnos do Diploma Dual®, interesados en realizar outras actividades complementarias a 2º de Bacharelato, demostrando unha vez máis a súa madurez e compromiso.

- 4 Year Program - 2nd Year of ESO

2nd Year of ESO: English

3rd Year of ESO: English & Life Management Skills

4th Year of ESO: U.S. History & Elective

1st Year of Bacharelato: U.S. Government+Economics

En 2º ESO poderán acceder ao programa aqueles alumnos que, polo seu nivel de inglés, madurez e interese, sexan recomendados polo colexio para a súa inscrición.

- 4 Year Program - 3rd Year of ESO

3rd Year of ESO: English & Life Management Skills

4th Year of ESO: English & U.S History

1st Year of Bacharelato: U.S Government/Economics + Elective

2nd Year of Bacharelato: Elective →

3 years

Se comeza en 3º da ESO, o alumno podería matricularse no formato de 3 anos, finalizando o programa en 1º de Bacharelato.



- 3 Year Program - 4th Year of ESO

4th Year of ESO: English & Life Management Skills

1st Year of Bacharelato: English & U.S History

2nd Year of Bacharelato: U.S Government/Economics & Elective*

- 2 Year Program - 1st Year of Bacharelato

1st Year of Bacharelato: English, U.S History & Life Management Skills

(electiva obrigatoria)

2nd Year of Bacharelato: English, U.S Government/Economics & Elective*

*Summer School



Admisión e primeiros pasos no programa

Para participar no Diploma Dual®, o alumno seguirá os seguintes pasos:



1. Entrega do formulario de solicitude de admisión cuberto.



2. Realización da proba de acceso.



3. Comunicación dos seleccionados.



4. Entrega de usuario e contrasinal.



5. Primeiro contacto co profesor nos Estados Unidos.



6. Conversa de benvida.



7. Comezo e desenvolvemento do curso.



Guía rápida sobre o Diploma Dual[®]

1 Que ofrece o Diploma Dual[®]?

O Diploma Dual[®] ofrece a posibilidade de obter dúas titulacións á vez: o bacharelato do país de orixe, de maneira presencial, e o American High School Diploma, en liña.

2 O alumno está matriculado nos Estados Unidos?

Si. Unha vez aceptada a súa solicitude, o alumno queda matriculado no American High School Diploma como calquera alumno estadounidense de Academica.

3 Que nota de acceso se lle pide ao alumno?

Aínda que, en xeral, recoméndase ter unha media de 7, non hai unha nota de corte. Para acceder ao programa analízase o conxunto de materias cursadas e superadas e realízase unha avaliación do nivel de inglés.

4 En que curso se pode empezar o Diploma Dual Americano?

En 2º da ESO, 3º da ESO, 4º da ESO ou 1º de Bacharelato.



5 Que grao de esforzo lle esixe ao alumno?

O equivalente a unha actividade extraescolar máis. É dicir, entre 3 e 5 horas semanais, dependendo do nivel de inglés inicial e do curso escolar en que se empezase.

6 Cantas materias terá que cursar en total?

Un alumno español soamente terá que cursar 6 créditos (4 materias obrigatorias e 2 electivas). A excelencia do Diploma Dual® de Academica Corporation permite validar o 75% dos créditos esixidos para obter o American High School Diploma.

7 Que vantaxes lle ofrece o Diploma Dual® ao alumno?

O Diploma Dual® é un programa interdisciplinario con énfase na inmersión educativa en inglés, a capacitación tecnolóxica e o desenvolvemento persoal do alumno.

O programa curricular do Diploma Dual® inclúe contidos interesantes aos que normalmente non tería acceso e que supoñen un enriquecemento persoal e académico. A posibilidade de unirse a clubs sociais (de xornalismo, de artes, de fotografía...) permítelles relacionarse con outros estudantes coas súas mesmas inquedanzas.

Por outra banda, cursar a dobre titulación de Bacharelato indica que o alumno ten habilidade e disciplina, así como a capacidade para afrontar o reto de compaxinar unha dobre titulación, calidades que son moi demandadas no mercado laboral.



8 Que materiais necesitará o alumno?

Un ordenador e conexión a Internet. Tamén é recomendable que dispoña duns auriculares con micrófono. Academica facilitaralle todo o necesario para o acceso ás plataformas de contidos e actividades, así como para a comunicación con profesores e alumnos.

9 Que garantía de calidade ofrece o Diploma Dual Americano?

Total, xa que os alumnos que cursan este programa reciben a mesma titulación que os estudantes estadounidenses, con validez en todos os estados e universidades norteamericanas.

10 Quere preguntar algo máis?

Entendemos que ás veces é máis doado falar en persoa. Por favor, non dubide en contactar connosco directamente. Ou tamén coa dirección do Diploma Dual[®] nos máis de 1000 colexios adheridos ao programa en España, que ha de poder responder a calquera pregunta que teña ou convidala/o a unha das conferencias informativas que se organizan en cada colexio.



Unha gran comunidade de estudantes

Máis de 30.000 alumnos matriculados no Diploma Dual[®] e miles de graduados cada ano



Diploma Dual[®]

*Preparando estudiantes
para os novos retos*

www.academica.school | info@academica.school



ACADEMICA
INTERNATIONAL
STUDIES